

Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se declara vacante unha (1) praza da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de PERCEBE no permiso de explotación de embarcación ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de Pescadores de Corme

Antecedentes

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para o recurso específico percebe (PE410A 2021/50-1), modalidade a pé e dende embarcación, da confraría de pescadores de Corme (en adiante a entidade) estableceuse un número máximo de 17 embarcacións con 37 tripulantes habilitados con dereito a cota.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2021 desta modalidade na entidade para o trienio 2022-2024, o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan foi de 16 embarcacións e 31 habilitacións.

2. O 26.01.2022 (Rexistro de Entrada Nº 2022/181474) a entidade presentou unha solicitude para que se iniciase o proceso para a cobertura de habilitacións ata o máximo de 37 aprobado no plan de xestión.

3. O 27.09.2022 esta xefatura territorial comunicou á confraría de pescadores de Corme a proposta para proceder á convocatoria dun proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe a 1 embarcación con 2 cotas e 4 cotas máis para ofertar entre as embarcacións participantes no plan ata acadar o número máximo de participantes aprobado no plan de xestión (o cal require a correspondente elaboración da lista de incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de percebe). Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días hábiles para que presentasen as observacións que considerasen oportunas e que de non recibir resposta no prazo sinalado entenderíase como positiva a proposta realizada por esta xefatura territorial. Transcorrido o dito prazo non se recibiu resposta por parte da entidade.

4. O 14.10.2022 esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe para unha (1) embarcación e dúas (2) cotas para percebeiros/as, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Corme.



Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.
2. Pola resolución do 14.10.2022 desta xefatura territorial convocouse o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe para unha (1) embarcación e dúas (2) cotas para percebeiros/as para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Corme e estableceu un prazo de 15 días hábiles para a presentación das solicitudes. Transcorrido o prazo indicado, non se presentou ningunha solicitude para participar no dito proceso selectivo.
3. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Declarar vacante unha (1) praza para a obtención da modalidade de PERCEBE no permiso de explotación de embarcación e 2 cotas para percebeiros/as ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Corme.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Corme.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Corme, como entidade titular do plan de xestión, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(asinado dixitalmente á marxe)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal

